

BACHARELATO INTERNACIONAL. COLEXIO SEK

O Colexio SEK-Atlántico é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter educativo e social, establecendo un compromiso con diversas institucións e entidades de traballo social para colaborar con elas de diversas maneiras, sempre có ánimo e obxectivo de que os seus alumnos teñan contacto con distintas realidades sociais.



Como fins principais do Colexio SEK-Atlántico, dentro do ámbito educativo do Bacharelato Internacional, o proxecto curricular contempla actuacións de voluntariado enmarcadas no Proxecto das CAS, actividades de Servizo á comunidade, é requisito imprescindible para que os alumnos acaden a súa titulación final.

O Servizo Galego de Saúde e a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social e na humanización do entorno hospitalario pediátrico, recoñece o importante papel do voluntariado como mecanismo canalizador das lexítimas inquiredanzas das persoas e das organizacións sen ánimo de lucro no desempeño de actividades altruístas e para o logro dunha sociedade máis solidaria. Por iso, entende que cada día é máis necesario promover e coordinar o voluntariado desde postulados flexibles que permitan unhas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción no eido da saúde.

Ambas as dúas institucións teñen o firme propósito de dar unha resposta integral á atención dos nenos e nenas hospitalizadas, así como as súas familias, mediante unha intervención voluntaria que potencie as actividades lúdicas para que o neno ou nena poida expresar sentimentos, comunicarse, distraerse e disfrutar. A acción do Voluntariado é necesaria en todo servizo e particularmente na área pediátrica.